

RESOLUCIÓN reitoral do 13 de febreiro de 2026 pola que se publica a oferta dos obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no Campus de Pontevedra resultantes da lista de agarda.

Rematado o prazo de inscrición nos obradoiros de extensión universitaria para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Pontevedra, concedidos pola resolución reitoral do 19 de xaneiro de 2026, foron canceladas dúas das devanditas solicitudes mediante resolución reitoral do 12 de febreiro de 2026.

Vista a lista de agarda da relación definitiva de propostas concedidas (RR do 19 de xaneiro de 2026) e en virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario, esta reitoría

RESOLVE:

1. Establecer as condicións da matrícula e desenvolvemento dos obradoiros da Universidade de Vigo correspondentes ao campus de Pontevedra para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026, derivada da lista de agarda. (Anexo I).
2. Ordenar a publicación da oferta de obradoiros derivada da lista de agarda publicada na resolución do 19 de xaneiro de 2026. (Anexo II) para o segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no campus de Pontevedra.
3. O lugar de publicación da presente resolución realízase no taboleiro de anuncios electrónico da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/public/bulletin/bulletin-index.xhtml>.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpor contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes desde o día seguinte ao da súa publicación, ante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Pontevedra na data da sinatura electrónica O reitor

Por delegación (R.R. do 30/05/2024, D.O.G. do 10 de xuño)

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO I

OFERTA dos obradoiros de extensión universitaria da Universidade de Vigo no segundo cuadrimestre do curso 2025/2026 no Campus de Pontevedra resultante da lista de agarda.

Condicións de matrícula.

- a) **Período matrícula:** do 16 ao 26 de febreiro de 2026.
- b) **Criterios de selección:** por orde de inscrición ata completar o número prazas ofertadas.
- c) **Área de inscrición:** realizarase na plataforma “Campus Activo”: <https://campusactivo.uvigo.gal/>
- d) **Importe da matrícula** para cada obradoiro será:
 - Público xeral: 41 euros.
 - Colectivos A e B da comunidade universitaria: 26,65 euros
 - Colectivo C da comunidade universitaria: 32,80 euros(A pertenza aos colectivos da Universidade de Vigo pode consultarse no seguinte enlace: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/551>)
- e) **Causa de cancelación dun obradoiro:** non acadar o número mínimo de inscricións especificado na táboa do Anexo II (70% do número prazas ofertadas)
- f) **Causas de devolución do prezo** da matrícula dos obradoiros, tras solicitude da persoa interesada, cando concorran algunha destas causas:
 - Cancelación do obradoiro ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.
 - Formalización da matrícula unha vez completado o número de prazas do obradoiro.
 - Comezo dunha relación laboral (acreditada co informe vida laboral).
 - Maternidade/Paternidade (acreditada con certificado médico/ certificado filiación).
 - Enfermidade que impida a asistencia ao curso (acreditada con certificado médico).
 - Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do obradoiro como consecuencia de erros materiais ou de cálculo non imputables á persoa interesada. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.
- g) **Período e proceso de solicitude de devolución do prezo** da matrícula: as solicitudes de devolución consecuencia dos puntos do epígrafe anterior poderán presentarse dende o día seguinte a que se produza a causa que xustifica a devolución ata 15 días hábiles despois de finalizado o obradoiro en que fixera a inscrición.
Para iso, través da mesma plataforma de inscrición “Campus Activo” haberá que acceder a opción “solicitar devolución de taxas” cumprimentando o campo de número de conta bancaria na que se fará efectiva a devolución e achegando a documentación xustificativa.
- h) **Diplomas:** a Universidade de Vigo expedirá un diploma oficial acreditativo da asistencia de cada participante que seguise polo menos un 85% das horas totais do curso.

Recoñecemento de créditos ECTS: o estudantado da Universidade de Vigo poderá validar a realización dos obradoiros por créditos ECTS dentro da categoría de actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 25 horas.



ANEXO II

Nome do obradoiro	Lugar de celebración	Prazas ofertadas	Mínimo de matrículas para que se realice	Duración	Datas e horario (30 de marzo ao 3 de abril período non lectivo)
Escalada en rocha	Monte Galiñeiro (Gondomar) e zona de Loira (Marín)	10	7	21 horas presencias	24, 25 e 26 de abril de 2026 De 10.00 a 17.00 horas
Introdución a 3D con Blender	CREA Lab, Casa das Campás	15	10	26 horas presencias 2 horas de traballo individual	2, 9, 16 e 23 de marzo de 2026 6, 13, 20 e 27 de abril de 2026 4, 11, 18 e 25 de maio de 2026 1 de xuño de 2026 De 18.00 a 20.00 horas

